




Beneficios: Eleva o conciente intelectual, potencia a memoria, incrementa a capacidade lectora, mellora a integración e a creatividade, axuda a resolución de problemas, facilita a concentración, respecto ós demais....
Estudos realizados proban que @s nen@s que practican xadrez con asiduidade melloran notablemente asignaturas como matemáticas e linguaxe.
Inclúe: inscrición nos torneos que se celebren para @s nen@s que o desexen, ficha federativa e equipación exclusiva.

XADREZ NO C.E.I.P. BENCHOSHEY
SECUNDARIA- MÉRCORES(17h-18h)



ACTIVIDADES AQA
NATACIÓN: INFANTIL, PRIMARIA, SECUNDARIA-LUNS/MÉRCORES/VENRES 17:15h-18:00h

NIVEIS: Iniciación e perfeccionamento.

GRUPOS: Número mínimo para facer grupo 7.

SECUNDARIA: Opción de natación **por libre** durante os VENRES no mesmo horario.

NAIS/PAIS: Si se forma un grupo mínimo poden facer algunha actividade das ofertadas en AQA no mesmo horario e ó mesmo prezo. Tamén se pode ir por libre a natación nas mesmas condicións. Inscibirse en AQA.

ACONDICIONAMENTO FÍSICO EN XERAL (CON MONITOR): SECUNDARIA-VENRES 17:15h-18:00h

INCLÚE: Resistencia aeróbica, tonificación e actividades coreografiadas. **GRUPOS:** Número mínimo para facer grupo 8.

FELIZ CURSO 2015/2016

ANPA JOSÉ GARCÍA DE MENDE
Rúa de Mende, nº 1 - 32004 - Ourense
Teléfono: 675 016 171
e-mail: anpamende@gmail.com
<https://anpamende.wordpress.com>

Nº Conta (ABANCA) IBAN: ES46 2080 5261 1130 4002 1592



POR UN COLE 10



ACTIVIDADES EXTRAESCOLES 2015/2016
<https://anpamende.wordpress.com>

DÍA	ACTIVIDADE	CURSO	PREZO	PREZO NON SOCIO
MARTES NO COLEXIO 15H-16H	TROULA	INFANTIL	64 €/ano	80 €/ano
	XOGANDO EN INGLÉS	1ºINFANTIL A 2ºPRIMARIA		
	CALCULANDO CO ÁBACO	PRIMARIA		
	INFORMÁTICA	PRIMARIA		
XOVES NO COLEXIO 15H-16H	TEATRO/EXPRESIÓN CORPORAL	INFANTIL E 1º PRIMARIA	64 €/ano	80 €/ano
	XOGANDO CO ÁBACO	INFANTIL		
	FÚTBOL	PRIMARIA		
	BAILE	PRIMARIA		
	XADREZ	PRIMARIA		
Mércores en C.E.I.P BENCHOSHEY 17:00-18:00	XADREZ	SECUNDARIA	80 €/ano	96 €/ano
LUNS/ MÉRCORES/ VENRES En AQA 17:15-18:00	NATACIÓN	PRIMARIA INFANTIL SECUNDARIA	1 DÍA 2 DIAS 3 DÍAS	25 €/trimestre 50 €/trimestre 75 €/trimestre
VENRES EN AQA 17:15-18:00	ACONDICIONAMENTO FÍSICO EN XERAL(CON MONITOR)	SECUNDARIA	25 €/trimestre	

CALCULANDO CO ÁBACO
PRIMARIA - MARTES

O ábaco utilízase como elemento fundamental de aprendizaxe, pola súa universalidade e o seu fácil manexo para nen@s de tódalas idades.

@s nen@s empezan realizando **operacións aritméticas coa axuda do ábaco** e progresivamente, van visualizando o ábaco e realizando operacións mentalmente.

Con práctica e co desenrolo dos diferentes niveis do programa Ociosaugal, os nenos son capaces de prescindir totalmente do ábaco para realizar as operacións aritméticas (sumas, restas, multiplicacións, divisións, raíces cadradas, potencias, operacións decimais, cálculo de porcentaxes e operacións derivadas destas) a gran velocidade e con gran precisión sin usar ningún aparello.

O obxectivo é estimular o hemisferio dereito do cerebro polo que contribúe o desenrolo cerebral.

XOGANDO CO ÁBACO
INFANTIL- XOVES

FÚTBOL SALA

PRIMARIA—XOVES

Obxectivos:

Mellorar as capacidades de coordinación xeral en base ás habilidades e destrezas que os xogadores teñen.

Resolver problemas que esixen o dominio de patróns motrices básicos de axuste ós estímulos perceptivos e seleccionar os movementos previa avaliación das posibilidades d@s nen@s.

Amosar actitudes de respecto polos compañeiros, adestradores, público, árbitros e adversarios interpretando a vitoria e a derrota dun xeito correcto.

Coñecer, adquirir e consolidar os hábitos deportivos correctos.

Desenvolver habilidades físicas básicas e destrezas motrices en relación ó fútbol sala.

Mellorar aspectos técnicos (individuais e colectivos) e tácticos.

Acercar, iniciar e aumentar o rendemento na práctica do fútbol sala.

Coñecer o desenvolvemento do xogo do fútbol sala e as súas regras.

Metodoloxía:

Usar a aprendizaxe baseada en xogos de oposición, carreira, saltos, recepcións, equilibrios, xiros, lanzamentos e combinacións dos mesmos.

TEATRO/EXPRESIÓN CORPORAL

INFANTIL e 1ªPRIMARIA—XOVES

O teatro é unha representación artística na que interveñen o corpo, a voz, o espazo e o tempo, que permite a

participación d@ nen@ no xogo dramático, cuestión fundamental para o correcto desenvolvemento da expresión, e sírvenos para comunicar ideas, sentimentos e vivencias.

A través do teatro, @s nen@s interiorizan un conxunto de valores, actitudes e comportamentos sociais que estruturan o seu modo de coñecer, sentir e percibir o mundo que lles rodea, sempre desde un enfoque lúdico, baseado no xogo e na participación de tódol@s integrantes do grupo. @s nen@s máis maiores formarán un grupo de teatro e interactuarán cun obxectivo común que lles enriquecerá: **a representación dunha obra.**

Obxectivos:

Desenvolvemento e fomento da expresión oral e corporal.

Mellorar a plasticidade.

Control corporal.

Ademáis @s nen@s elaboran os seus disfraces e escenarios para as representacións.

XOGANDO EN INGLÉS

De 1ªINFANTIL ata 2ªPRIMARIA - MARTES

Obxectivos:

Proporcionar @s nen@s un ambiente agradable, dinámico e divertido que lles permita sensibilizarse e ir desenvolvendo habilidades na lingua inglesa.

Crear unha actitude positiva hacia a aprendizaxe do inglés.

Aplicar estratexias pedagóxicas do ensino, que promovan un espírito creativo e dinámico n@s nen@s.

Coñecer a cultura inglesa.

A **metodoloxía** do curso é dinámica e participativa, dentro do contexto da técnica de talleres e xogos para que @s nen@s se familiaricen co inglés e o utilicen de maneira espontánea e permanente nas clases. As clases impartiranse integramente na fala inglesa.

TROULA

INFANTIL—MARTES

Un taller adicado a@s nen@s de infantil onde tomando o xogo como eixe principal propóllense infinidade de actividades lúdico-recreativas que inciden positivamente na relación co contorno e o desenrolo e coñecemento do corpo. Por un lado trabállase o desenvolvemento corporal e por outro a capacidade creativa e de relación cos seus iguais.

BAILE

PRIMARIA—XOVES

Descrición: Baile, danzas populares, ritmos, narracións sonorizadas, música instrumental, dramatización de audicións musicais a través da plástica e a expresión corporal. Todo elo permitirá a@s nen@s autoafianzarse, exteriorizar as súas realidades e fantasías, abrirse ó seu contorno ó mesmo tempo que desenvolverá diversos aspectos, tales como: lingüísticos, sociais, creativos, psicolóxicos, físicos e artísticos.

INFORMÁTICA

PRIMARIA—MARTES

Pretende introducir

a@s nen@s no fascinante mundo da informática. De forma divertida e práctica van adquirindo habilidade e máis experiencia no uso do ordenador e familiarízanse cos programas adecuados a súa idade e interese.